


A REVISTA

do Otero Pedrayo

NÚMERO 1 - DECEMBRO DO 2000 - Vinte pesos

Cine: O Exorcista
páxina 16



Entrevista ó director
páxina 8

ONGs, despedida dos de COU, deportes,
zodiaco, libros, pasatempos e moito máis ...



O numero da besta
páxina 12

Sumario no revés da revista



Editorial

¡Ola! Xa estamos aquí de novo con todos vós. Este ano a nosa pretensión vai ser a de sacar unha nova revista cada trimestre, e esperemos que colaboredes o máis posible.

¡Por fin fixéronse as obras! Aínda que non se nota moito (agás nos baños, na pintura das aulas e nalgunha que outra cousa máis), oxalá que pouco a pouco xa se vaia normalizando a situación e haxa, e que se poidan utilizar, as aulas de debuxo, tecnoloxía e música. Mentres, teremos que seguir apañándonos como poidamos.


Como podedes ver este ano estamos divididos en dous centros por falta de espacio, pero é algo provisional que como moito durará dous cursos, debido a que existe un contrato entre o Centro e Caixa Nova, propietaria do edificio de abaixo. Supomos que para entón xa estará rematado o problema de Irmáns Villar e que pasará entón a ser outra dependencia do instituto, despois dunhas obras que se terán que realizar e que esperemos que non tarden tanto coma outras...

Quería darlle as grazas á A.N.P.A. e á librería A'NOVA, e á dirección do centro pola súa aportación económica, sen a cal sería moito máis difícil a realización deste proxecto. Grazas tamén a tódolos que aportaron algo para esta edición e especialmente a ti, que agora estás lendo a revista e que fas que esto poida seguir adiante.

Espero que vos agrade este número e que vos decidades a participar na elaboración do próximo.

Deica outra.

Antía Sobrino B. de Quirós. 1º LOXSE C



ONGs

ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS (ONGS)

Estiveron presentes nos asuntos internacionais dende a segunda metade do século XIX. En 1840 reuníuse a Convención Mundial contra a Escravitude para acabar co comercio de escravos. Ocupáronse de: o intercambio científico, a relixión, a axuda de emerxencia e os asuntos humanitarios. As Xuntas Pugwash, os Boy-Scouts, a Axuda Cristiana e a Cruz Vermella Internacional son exemplos deste fenómeno. En 1909 había unhas 200 ONGs internacionais, e a mediados de 1990 había máis de 2000. As ONGs dispoñen dun amplo apoio económico. A súa actividade permite os contactos e os acordos transfronteirizos sen que os gobernos se vexan involucrados. Tamén estas organizacións recibiron algunhas críticas acusándoas de estreitez de miras e de contabilidades pouco claras.



En España o apoio da opinión pública obrigou ó Estado e ós gobernos rexionais e locais a prometer un aumento do 0,7 % dos seus presupostos, nas axudas e no apoio que prestan a estas organizacións. Gracias a eses recursos poden desenrolar programas de cooperación ó desenvolvemento, á sanidade, á educación e ó benestar, que soen ser de carácter bilateral.

CRUZ VERMELLA INTERNACIONAL

O Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) está formado por un máximo de 25 cidadáns suízos, e ten a súa sede en Xinebra (Suíza), contando con máis de 160 organizacións nacionais da Cruz Vermella e a Federación Internacional das Sociedades, tamén con sede en Xinebra. A Conferencia Internacional soe convocarse unha vez cada catro anos, e reúne ós representantes das organizacións e daqueles gobernos que ratificaron as Convencións en Xinebra. En 1997, unha muller, Astrid Nøklebye Heiberg, foi elixida presidenta da Federación Internacional.

HISTORIA

A iniciativa de fundala surxiu do filántropo suízo Jean Henri Dunant. Este fixo un chamamento ós dirixentes nacionais para que fundaran sociedades adicadas a axudar ós feridos en tempos de guerra. Cinco cidadáns suízos formaron un comité e pediron a celebración dunha conferencia mundial, que se celebrou en Xinebra en outubro de 1863, á que asistiron delegados de 16 estados. Ó ano seguinte volveuse a celebrar outra conferencia, na que se firmou a I Convención de Xinebra, que establecía as regras polas que habería de rexirse o tratamento ós feridos e a protección do persoal médico e os hospitais. Nesta reunión adoptouse o símbolo do movemento: a bandeira branca coa cruz vermella. En 1977 engadíronse novos protocolos ós establecidos en Xinebra en 1949 para protexer a tódolos non combatentes. Ó longo da súa historia, enviáronse representantes e axuda a moitos países do mundo para socorrer a detidos, prisioneiros e refuxiados de guerra e a vítimas de levantamentos políticos ou loitas civís.

Dunant recibiu o primeiro Premio Nobel da Paz en 1901 e, máis tarde, o CICR recibiu outros tres premios Nobel da Paz (1917, 1944 e 1963).

CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA

Foi fundada o 6 de xullo de 1864 e a súa primeira intervención de axuda internacional tivo lugar durante a guerra franco-prusiana (1870-1871).

Conta con 752 asembleas distribuídas por todo o territorio nacional, 580.000 socios e 150.000 voluntarios.

Centra a súa atención en: persoas maiores, refuxiados e estranxeiros, toxicómanos, enfermos afectados polo SIDA, poboación reclusa, infancia e xuventude marxina e discapacitados.

Dispón dunha sección denominada Cruz Vermella da Xuventude, á que se pode afiliarse, sexa cal fora o seu sexo, calquera persoa de idade comprendida entre os 8 e os 30 anos.

Paula Abadín Gómez. 1º LOXSE C

- ¡Qué pequeña eres, brizna de hierba!
- Sí, pero tengo todo el mundo a mis pies... (*Tagore*)

DISCURSO DOS ALUMNOS DE COU QUE REMATARON ESTUDIOS NO CURSO 1999-2000

Catro anos despois dun comezo chegamos a un fin. Catro anos dende que entramos por esa porta. Catro anos dende que nos sentamos nestas butacas e comenciamos a vivir a nosa experiencia neste centro unhas veces gratificante e outras desesperante.

Catro anos de bágoas, ilusións, desilusión, teatro e sorrisos.

Hai catro anos entramos crédonos maiores e agora saímos co único desexo de medrar.

Comezamos a marcar o ronsel da nosa vida nestas aulas e agora saímos a mar aberto.

Catro anos nos que nos atopamos a nós mesmos, pero tamén a profesores e compañeiros, que nos fixeron medrar como persoas.

Deles hoxe temos que facer mención a aqueles sen os que hoxe non seriamos os que hoxe somos. Todos marcarán a nosa vida, uns para ben e outros non. Uns aportaron moito a nosa existencia, e outros pasaron deixando a única marca dun feixe de follas dictadas a disgusto.

En materias coma teatro, filosofía, literatura, inglés e outras comecemos a ver claro o noso horizonte, e agora chega o momento de agradecerlo.

Pero a nosa memoria tamén garda resentimentos cara algúns profesores que coidamos non souberon realizar a súa labor como nós desexaramos. Para eles fomos zombis, burros, fracasados, a parte máis abrupta do seu traballo.

Catro anos cheos de lembranzas que levaremos en toda a nosa singladura polo mundo.

Destas lembranzas moitas formarán parte das máis felices da nosa vida, das que recordaremos con saudade ós comezos do noso camiño.

O instituto Otero Pedrayo foi especial por moitos motivos: pasamos moitos nervos xuntos antes dos exames, as artimañas para saír do instituto ás agachadas, as nosas loitas fronte a delegación de educación, o centenario, as actuacións: Quico Cadaval, Mofa e Befá, as nosas, os nosos ensaios que só se repetirán no recordo.

Ante determinados momentos de crise, coma a loita fronte a delegación de educación, unímonos pais, alumnos e profesores para reivindicar o que é xusto. Debemos lembrar a labor dos pais que decidiron confiar neste instituto para formarnos como persoas. Pódese destacar a profesores que actuaron a veces como pais para os alumnos.

Neste día recordamos os soños cos que un día entramos e cos que agora saímos.

Moitos de nós queremos facer un recordo para un profesor moi importante na nosa vida.

IN MEMORIAM PEDRO PABLO DONIZ.



No aprendas sólo a buscar lo que te gusta, aprende a hacer que te guste lo que encuentras

Reclamacións, suxerencias, rogos e preguntas do alumnado

Na fin do curso académico 99/00 as representantes de alumnos/as do Consello Escolar (Antía Sobrino e Isabel Quijada) presentamos un informe detallado de tódalas nosas dúbidas, queixas, preguntas, suxerencias... sobre o funcionamento do noso instituto, do P. E. C. (Proxecto Educativo de Centro) e dos Dereitos dos Alumnos.

Ante a falta de tempo por tódolos conflitos e problemas que sufrimos daquela, foi considerado na primeira reunión do Consello Escolar deste curso, o día 25 de setembro.

Aquí vos presentamos un resumo deste informe:

- Cambios de materiais dalgúñas clases, tales como encerados, tarimas ...
- Pedimos que, na lista de libros que queda exposta antes do comezo de curso, se puxese un asterisco naqueles (libros) que non se ían usar ou dos que se puidese prescindir.
- Que se nos proporcionase información dende o Departamento de Orientación ó rematar 3º e 4º de E. S. O. e 2º de L. O. X. S. E.
- Vixilancia dos retrasos de profesores.
- Fomento da reciclaxe (por parte de tódolos departamentos, non só do de Ciencias).
- Propuxemos a colocación de casilleiros para evitar ter que vir a clase tódolos días cargados co material escolar (foi denegada dado que non dispomos nin de presuposto nin de espacio).
- Na elaboración de horarios: que as clases de Educación Física fosen seguidas (esto conseguíuse en 1º de L.O.X.S.E. dado que están no “outro edificio” e o traslado dúas veces á semana sería unha perda de tempo e unha incomodidade; nos ciclos de E. S. O. non se puido levar a cabo xa que pedagóxicamente non é aconsellable, segundo os profesores desta asignatura).
- Que os profesores nos proporcionen ó comezo do curso unha folla informándonos do temario, modo de avaliación, actividades relacionadas coa materia ...
- Información sobre as posibilidades de cursos de Garantía Social, tanto no noso instituto coma noutros centros.
- Limitación da liberdade de cátedra: establecemento de mínimos e máximos.
- Participación do alumnado no proceso avaliativo.
- Obriga dos titores a mediar en colaboración cos representantes (delegados) ante o profesorado (que non haxa corporativismo).
- Permisión da asistencia a clase dos alumnos en caso de chegar tarde (recollido no PEC dentro do Regulamento de Réxime Interior).
- Obriga do profesorado: debe evita-lo retraso na saída das clases.
- Peticións de que ó alumnado se lle permita saír ós corredores nos cambios de clase.
- No punto VIII do Regulamento de Réxime Interior, do PEC, Alumnado, punto 7, dise: “Se se produce un conflito entre un ou varios membros do alumnado e un membro do profesorado, o primeiro paso para a súa solución debe ser que os primeiros (é dicir, os alumnos) intenten o diálogo co segundo (profesor/a). Nós pedimos que este punto fose modificado de tal modo que “o primeiro paso para a súa solución debe ser o intento de diálogo entre as dúas partes”.

O noso traballo viuse recompensado na maioría dos puntos mencionados antes. Con todo isto tan só pedimos e intentamos a mellora da nosa educación e estancia no centro.

Como vedes os alumnos tamén temos voz e voto no espírito do instituto. Vós tamén podedes colaborar dándonos as vosas queixas, preguntas... directamente ós representantes do Consello Escolar, ou por mediación dos delegados de curso, que darán parte de todo elo nas Xuntas de Delegados (e recordade que se tedes un delegado que non é responsable, debedes cambialo polo voso propio ben).

Contamos co voso apoio.

Isabel Quijada González / Antía Sobrino B. de Quirós

PREMIO DE POESIA NO CONCURSO LITERARIO DO OTERO PEDRAYO 1999-2000

ANDURIÑA

O amor, que de min se escarnece
xúlgame polo que descoñece.
Soidade de tempos alleos
vagamente inesquecíbeis
vivindo cos ollos pechados,
de ilusións inesgotábeis.
Semellabas unha anduriña
que sempre andaba a soñar,
e eu, infame cativo
a ti te deixaba no olvido.
Mais, un día voabas lonxe
o reiseñor te foi cautivar,
agora fermosa anduriña
¡ xa sabes que é amar !
O amor é unha tolemia
que fai soñar ó corazón,
faite perder na espesura
dos sendeiros da pasión.
Reiseñor, non a deixes voar
porque a estarei vixiando,
non a deixes de amar,
porque a estarei agardando.

PENAS

Podía ver bailar a auga
deitada na beira do río.
Podía sentir pasar a vida
tristemente, cada día.
Depinicando unha flor e
ó ver baixar os pétalos na corrente
sacar penas da miña vida,
da alma e da mente.
Vagamente quedei atónita
exasperada polo que vía:
¿cantas margaridas había?
¿centos? ¿un montón?
Debuzada quedei no chan,
sacando as penas do meu corazón.
Decateime da chegada da noite
¡e aínda quedaban tantas!
Hoxe abonda, virei mañá
e acabarei coas relembranzas.


MARCHOU

Sentada na area da praia
mirando as ondas do mar,
semellaba unha estrela soa
que ó ceo non ía voltar.
O rostro dunha meniña,
nos ollos un doce mirar,
soñaba e soñaba moi leda
que nunca ía espertar.

Debuxou na cara un sorriso
e pola meixela unha bágoa caeu,
a culpa non é de ninguén
tan só dun amor que morreu.
Entón ergueuse de súpeto,
comezou a camiñar,
no mar se ía adentrando
nunca máis houbo voltar.
Soamente se oíu, despois,
unha frase de perdón
dalguén que no mar botaba
rosas vermellas de dor.
O que agora choraba e amaba,
tiña a alma chea de dor,
o corazón morto de pena
e del mesmo decepción.

LEMBRANZAS

E voltei, e arrepioume a saudade.
Voltei ó lugar senlleiro da lembranza,
ó lugar querido da nenez,
onde renace a vaga esperanza
de soñar coa eterna felicidade.
E vin, entre as silvas e a montina,
un carrucho escintilante (case
cuberto de herbas)
que se perdía na espesura
das árbores vellas e frouxas.
E cheguei, e alí estaba o vello carballo
que antano meu avó me ensinara.
Foi cando, de súpeto,
me comeron os recordos.
O avó e máis eu, xuntos,
as súas verbas sempre novas,
o seu mirar tan doce,
a súa alma chea de vida
e o seu falar cauteloso.
¡Cantas historias de fadas
mirando a estrela do norte!
Na miña alma a súa pegada
agasallándome sempre un sorriso.
E enfeitizarme, pola morriña
duns tempos pasados,
duns anos lonxanos,
vivindo coma unha meniña.
No lugar senlleiro da lembranza
vivín recordos da nenez.



Elizabeth Marcos Pérez - 1º LOXSE D

“O OTERO PEDRAYO: "UN PASADO OCULTO"”

Tras grosos muros de historia, atópase unha realidade que, aínda que descoñecida por moitos, existe. Parádevos un minuto a escoitar os murmurios que despide este monumento histórico.

Un sinalado catro de outubro de 1896 abriu as súas portas este "templo do saber". Era, daquela, un dos mellores locais de institutos de España. Comezou chamándose "Instituto de Secundaria Ensinanza". Salientaba un impactante Paraninfo, o Salón Árabe e a Biblioteca (cun total de 17.000 obras e 119 folletos, todos documentos de gran importancia). Este Instituto, foi orgullo dos ourensáns e admiración de estranos.

Durante estes anos tratáronse diversas materias; chegáronse a practicar estudos domésticos, agrícolas, instrución ás Belas Artes e apareceron os estudos nocturnos para os obreiros.



Foto do instituto despois do incendio

Na madrugada do 8 de decembro de 1927 o lume apoderouse de dúas terceiras partes do edificio. Fíxose todo canto se puido por "salvar do silencio eterno" os documentos e materiais, pero estas soberbias obras que a biblioteca atesouraba perdéronse entre a cinsa para sempre. Quedou abrasada a aula de Historia, Física e Ximnasia.

Houbo considerables desperfectos no Salón Árabe, derrumbándose pavimentos, escaleiras e teitos. Das orixes do incendio, non se saca nada en claro. Crese que foi producido polos distintos organismos que dificultaban o mantemento da disciplina e impedían a vixilancia. Dísenos que a reforma rematou cara o curso 1930-31.

No ano académico de 1966-1967 o único Instituto ata agora mixto dividiuse en dous: feminino, neste centro e masculino, na Ponte. Será no curso 1977-78 cando voltará a ser un instituto mixto.

Tralos diversos nomes que pasaron polo noso centro, rematou chamándose "Ramón Otero Pedrayo" o 1 de xuño de 1976 (confirmado oficialmente en 1980).

Dende 1978 comézase a pensar no proxecto dun ximnasio no centro; a partir de 1988 comezaron as xestións, e con elas unha dura e longa loita para levar a cabo a creación dun polideportivo. O 16 de abril de 1991 firmouse o preacordo, pero será o 24 de outubro de 1994 cando se firme o convenio definitivo. Este polémico tema apareceu publicado en moitos xornais.

Por fin no ano 1996 comezaron as esperadas obras. As cousas complicáronse ó atopar no "Pompeo" restos romanos; este xacemento paralizou as obras durante casi dous anos.

No curso 1999-2000 os privilexiados alumnos do centro pisan, por fin, as instalacións deste "lexendario" polideportivo.

Agora que xa coñecemos os rasgos máis característicos destes 104 anos de existencia, preguntovos; ¿sabedes cantos directores foron os responsables de levar o "timón deste barco"? Pois ben, dende o primeiro Marcelo Macías ata o actual Arturo Fernández Nóvoa sucedéronse 16 directores máis; todos eles de recoñecido prestixio.



O instituto na actualidade

De novo, como dende o 1896, cada outubro as aulas cobran vida, enchéndose de alumnos, con máis ou menos ganas de traballar, que fan que este edificio siga abrindo as portas tódolos días ás 8:30 da mañá. Se de algo estou moi segura é de que entre estes grosos muros, durante moitos anos máis, os alumnos seguiremos dando moita guerra e os mestres seguirán loitando pola mellora do noso comportamento pero...¿lograrano algún día?

Beatriz Pérez Bar. 1º LOXSE C

Cando certo xove, que comezara a estudar xeometría con Euclides (s. IV a.C.), aprendera a primeira proposición, preguntou: “¿Que gaño eu con aprender estas cousas?”. Euclides chamou a un esclavo e díxolle: “Dalle tres dracmas, pois debe obter unha ganancia do que aprende”.

(Citado por Stobaeus en Extracts)

NÚMEROS REAIS: 3

Se lembrades, no número cero da revista que saíu no pasado maio, falabamos do número sete. Non creades que non nos decatamos da 7ª Copa de Europa do Real Madrid, pero, como xa vimos, a 7ª tivo pouca vixencia, xa que logo acadaron a 8ª. Deixando as bromas a un lado, tócanos agora recoller “cousas” que teñan que ver co número tres. Veláí van unhas poucas, agardando a vosa colaboración para que aportedes algunhas máis. No próxima revista tratarémo-lo nº 13.

- 3 son as persoas da Santísima Trinidad
- 3 son as potencias da alma: memoria, entendemento e vontade
- 3 fillos tiveron Adán e Eva: Caín, Abel e Set
- 3 fillos tivo Noé: Sem, Cam e Jafet
- 3 foron os Reis Magos: Melchor, Gaspar e Baltasar
- 3 veces negou Pedro ó seu divino Mestre
- 3 son os santos da Igrexa Católica: santo Tomé, santo Domingo e santo Toribio, os demais non pasan de san
- 3 son os inimigos da alma: mundo, demo e carne
- 3 son as virtudes teolóxicas: fe, esperanza e caridade
- 3 son os deuses do brahmanismo: Brama, Siva e Vichnú
- 3 foron as hexemonías gregas: ateniense, espartana e tebana
- 3 puntas ten o cetro de Neptuno
- 3 foron as Gracias, fillas de Xúpiter e Eurinome
- 3 idades clasifican a Historia: Antiga, Media e Moderna
- 3 palabras apareceron durante o festín de Baltasar: *Mane thecel phares*
- 3 palabras forman o famoso *Veni, vidi, vinci*, de César
- 3 foron os principios sistemas astronómicos: o de Ptolomeo, o de Tycho Brahe e o de Copérnico
- 3 foron as carabelas de Colón
- 3 eran os sacrificios israelitas: o pacífico, o holocausto e o expiatorio
- 3 cultos rendía o cabaleiro andante: ó seu Deus, á súa patria e á súa dama
- 3 clases de astros xiran redor do Sol: planetas, satélites e cometas
- 3 reinos agrupan ós seres que existen na Terra: mineral, vexetal e animal
- 3 son as formas en que se presentan os corpos: sólido, líquido e gaseoso
- 3 dimensións teñe todo corpo: lonxitude, latitude e espesor
- 3 puntos delimitan un plano
- 3 son as operacións directas da aritmética: suma, multiplicación e elevación a potencias
- 3 son as inversas: resta, división e extracción de raíces
- 3 son as clases de equilibrio: estable, inestable e indiferente
- 3 leis rixen a caída dos corpos no vacío; e con 3 aparatos se demostran
- 3 son as máquinas consideradas como primordiais: a palanca, o torno e o plano inclinado
- 3 son os xéneros gramaticais: masculino, feminino e neutro
- 3 son os números: singular, plural e indeterminado
- 3 son os termos dos que consta a oración fundamental: suxeito, verbo e complemento
- 3 son as partes de que está composto un siloxismo: dúas premisas e unha conclusión
- 3 partes forman o corpo humano: cabeza, tronco e extremidades
- 3 partes constitúen o noso sistema sanguíneo: corazón, arterias e venas
- 3 órganos esenciais aparecen no rostro: ollos, nariz e boca
- 3 formas hai de respiración: pulmonar, bronquial e traqueal
- 3 clases de dentes temos: incisivos, caninos e molares
- 3 partes constitúen o continente americano: América do Norte, do Centro e do Sur
- 3 estados dun mesmo insecto: larva, crisálida e bolboreta
- 3 enfermidades atacan as vides: o oidium, a filoxera e o mildew
- 3 foron as palabras da revolución francesa: *Libertade, igualdade e fraternidade*
- 3 as dos carlistas españois: *Deus, patria e rei*
- 3 son os fines da Real Academia Española: *limpia, fixa e da esplendor*
- 3 partes ten o tempo do vals, o da xota, etcétera
- 3 actos teñen as máis notables obras líricas e dramáticas do pasado
- 3 mosqueteros fixeron mundialmente famosa a novela de A. Dumas
- 3 son as verdades do barqueiro
- 3 eran 3 as fillas de Elena
- 3 avisos dáselle ó matador antes de leva-lo touro ó curral
- 3 bemoles ten todo aquilo que nos molesta
- 3 tiróns non son suficientes para despertar ó que ten pesado sono
- 3 pes para un banco non parecen apoio moi seguro
- 3 pes búscanselle ó gato ... para rematar en bronca
- 3 B desexa o que compra e ofrece sempre o que vende: bo, bonito e barato
- 3 xogadores son necesarios para o noble xogo do *tresillo*
- 3 é a orixe do tribunal, do trípede, do triángulo, o triunvirato, a trigonometría, o terno, o tercio, .. e así ata 333 palabras máis
- en linguaxe simbólica de soños, o 3 considérase sempre unido á idea da creación, vinculado á da que da unión do home e a muller nace (o terceriro) o fillo
- o número 370.370.370 dividido por 3 da por cociente 123.456.789
- o 3 era un número sagrado e sempre foi mimado e con favor para tódalas cousas; o día terceriro era especialmente venerado como un día de sorte e prosperidade
- segundo a táboa pitagórica o 3 considérase como o da pluralidade
- 3 e 8 son números discriminados polo santoral, xa que, entre as 9 cifras significativas, son os únicos que non teñen representación: hai san Primo, san Segundo, san Cuarto, san Quinto, san Sexto, san Séptimo e san Nono
- para os hotentotes o infinito comeza en 3; preguntalle a un hotentote cantas vacas posúe e se teñe máis de 3 responderá que “moitas”
- 3 son as avaliacións que hai no Otero cada curso (sentíndoo moito)

ENTREVISTA CON NUESTRO DIRECTOR D. ARTURO FERNÁNDEZ NÓVOA



P.- ¿Cuál es su lema?

R.- Trabajar para mejorar la sociedad.

P.- ¿Cuál es el recuerdo más triste?

R.- La decepción causada por un amigo en quien se confía.

P.- ¿Qué es lo que le irrita? ¿qué le enfada?

R.- La falsedad, la falta de sinceridad y transparencia.

P.- ¿Cómo se define a sí mismo?

R.- Sencillo. Con frecuentes desilusiones consigo mismo y con ansia de cambiar.

P.- ¿Qué sueño le queda por cumplir?

R.- Ver una luz verde en la realización de mis hijos. Que los hombres seamos menos “lobos” para los hombres, es decir, que nos llevemos mejor.

P.- ¿Por qué decidió ser profesor de Lengua Española?

R.- El haber estudiado en el Seminario hizo que tuviese mejores conocimientos en letras (su título es en “Filosofía y Letras, sección de Filología Hispánica, subsección de Lingüística Hispánica”).

P.- ¿Qué profesión escogería sino hubiese elegido ser profesor?

R.- Deportista.

P.- ¿De qué equipo español es simpatizante?

R.- De cualquier equipo gallego (más bien el Celta de Vigo) y del Real Madrid, por haber estado en Madrid varios años.

P.- ¿Cuántos años lleva ejerciendo de profesor?

R.- Veintitrés años en la enseñanza pública y cuatro años en la enseñanza privada.

P.- ¿Qué es lo mejor de la profesión?

R.- Tratar con personas jóvenes. El rodearse de gente joven hace que un profesor sea de espíritu joven.

P.- ¿Y lo peor?

R.- Es ver la falta de valoración de las nuevas generaciones por la educación y por la cultura. Porque los jóvenes están acostumbrados a lo cómodo y valoran poco lo que tienen, aunque son más espontáneos.

P.- ¿Dónde estudió?

R.- Primero en el Seminario de Ourense y luego en la Universidad de Madrid.

P.- ¿Cuáles son sus mejores recuerdos allí?

R.- Las amistades muy sólidas creadas en el Seminario tras mucho tiempo de convivencia.

P.- ¿Cuáles son sus mejores recuerdos en el Otero Pedrayo?

R.- Las fiestas de profesores.

P.- ¿Y los peores?

R.- No tengo malos recuerdos en el Otero Pedrayo.

P.- ¿Qué es lo que más ha cambiado desde entonces?

R.- La disciplina y la poca ansia por conocer y viajar que ahora existe. La falta de valores sociales y de querer saber.

P.- ¿Cuál era la asignatura que más le gustaba?

R.- Las Matemáticas, la Lengua Española y la Historia.

P.- ¿Y la que menos?

R.- Dibujo.

P.- ¿Hacia “chuletas” o copiaba?

R.- No hacía chuletas. Alguna vez copié, pero no solía hacerlo porque era buen estudiante.

P.- ¿Recuerda especialmente a algún profesor?

R.- Alonso Zamora Vicente, por sus grandes conocimientos y su humanidad. También Rafael Lapesa.

P.- ¿A qué personaje histórico admira?

R.- A Kennedy y a Martin Luther King.

P.- ¿Qué libros y escritores le gustan?

R.- “Requiem por un campesino español”, “Los cachorros” y “La fiesta del chivo”. Los autores que más me gustan son Delibes y Torrente Ballester.

P.- ¿Qué opina de las nuevas generaciones de estudiantes?

R.- Son más nobles pero con menos ansia de tener algo, porque tienen más cosas de las que disponían antes los jóvenes.

P.- ¿Qué opina de la nueva forma de enseñanza?

R.- La intención de la LOGSE es buena pero necesita más recursos de los que dispone y las humanidades están poco valoradas. En ESO se da mayor importancia a la formación cívica.

P.- ¿Qué es lo mejor de ser director?

R.- El poder hacer bien a la gente humilde, lo que hace que uno quede más a gusto consigo mismo.

P.- ¿Y lo peor?

R.- La falta de comprensión y tolerancia que dan lugar a críticas.



P.- Al observar la fotografía, ¿qué es lo que se le pasa por la cabeza?

R.- Que cualquier tiempo pasado fue mejor.

Isabel Quijada Glez / Eva Rodríguez Glez. 1º LOXSE C

No des a nadie lo que te pida, sino lo que crees que necesita, y soporta luego su ingratitud.

OS SIGNOS DO ZODÍACO E O SEU CARÁCTER

É verdade que un horóscopo detallado pode revelar inclinacións cara (ou en contra) a ser drogodependente, ós matrimonios múltiples, á infancia con perturbacións, profesión, fobias, enfermidades, ... e actitudes secretas de cara o sexo, traballo, aventura, ... Xamais cometades o erro de quedarvos na superficie cando se trata de recoñece-los

signos solares. A comprensión dos doce signos zodiacais pode cambia-la vosa vida; aprenderedes a coñecer ás persoas sen coñecelas siquera ... ¿non é realmente maravilloso? ¿estades preparados? Aquí vos queda un pequeno aperitivo dos catro primeiros (nos seguintes números da revista aparecerán os restantes):

ARIES: O carneiro (21 marzo, 20 abril)



Personalidades famosas aries: Harold Stassen, Charles Chaplin, Henry James, Leopold Stokavski ...

Home aries: Ese ser que está alí facendo unha chamada telefónica, ¿é unha explosión, un paxaro, ..., ou é Supermán? ¡Vaia! Pero se é un varón aries. Mozas, se

buscades emoción, darávola a raudais, mais se buscas un amor tranquilo equivócaste de cabina telefónica.

Poden abrumarte nun minuto coa paixón e no seguinte estar frío coma un oso polar. Cando estea namorado, zambullirase nunha aventura que se fracasa xuntará os pedazos para salva-lo difunto romance. Pero ... ¡atención!, nin se vos ocorra pinta-las unllas ou teñi-lo pelo na súa presenza: odia ser testigo dese tipo de cousas íntimas.

Muller aries: Cando Byron escribiu “el amor del hombre es cosa aparte en su vida, para la mujer lo es todo”, olvidouse de que había mulleres aries. Pode pasar sen un home máis fácilmente que calquera outra muller, pois pensaba que todo o que faga el, ela pode facelo aínda mellor.

Xogan a todo ou nada. Máis vale que esteas seguro do seu amor antes de agarimala, pois podes recibir un gancho de dereita antes dunha rápida fuxida.

Axudarate a encontra-las túas ilusións perdidas; se non che quedan, pídelles prestada unha a ela, ten moitísimas.

TAURO: O touro (21 abril, 21 maio)




Personalidades famosas tauro: William Shakespeare, Barbra Streisand, Robespierre, Hitler, Brahms, Balzac ...

Muller tauro: Si, ten que ser tauro. Está segura de si mesma, e sempre ten a súa propia opinión en todo. Pois tes razón. As nativas deste signo poden facer fronte a

calquera tipo de situación, gardando sempre o seu dominio e cunha mentalidade práctica e sentido común. Será por isto polo que a pesar de ser “un cerebrito” non lle interesa a teoría da relatividade. É arreatadamente seductora, e ten un gran talento musical: estades ante unha torre de forza.

Home tauro: Práctico, calado, sensato ..., pero romántico. O varón tauro é tenro, suave, exótico ... A súa pel é tensa. Quizais a linguaxe non sexa o seu forte, pero o que conta é a mensaxe, ¿non é? Está cheo de contradicións no amor, pero cando “liga” faino de verdade. Planeador coidadoso do mañá, hai que ser sumamente paciente con el. Un segredo: ¡adora a cociña caseira!

XÉMINIS: Os xemelgos (22 maio, 21 xuño)



Personalidades famosas xéminis: Bob Dylan, Marilyn Monroe, Thomas Hardy ...

Home xéminis: Combina dúas personalidades. O típico: gústalle conversar coa xente, ten un gusto exquisito, fai comentarios inxeniosos e de

cálida sinceridade. É ademais con toda clase de xente. Traerache flores, perfumes, CD's e, o máis importante, dirache “ámote” de cen formas diferentes; pero non te enfades se utiliza os teus zapatos, o teu lápis de ollos ... Se tes alma xogadora, é posible que con el teñas sorte ... Pero os bos xogadores saben cales son as posibilidades antes de facelas súas apostas. Asegúrate de que o sabes.

Muller xéminis: É difícil que se asente nunha relación o tempo suficiente para tomarse en serio a paixón ou calquera outra cousa. Resúltalle dolorosamente difícil interesarse por unha persoa soa, e á vez estar “realmente namorada”, pero non o consegue; pode crelo pero á vez encontra a outros homes “realmente atractivos”. Xamais viaxará en tren se pode facelo en avión, xamais quedará calada se pode falar; nunca camiñará se pode correr. Seica necesita unha computadora para seguir tódalas súas ideas, ¿ou só precisa alguén que sexa capaz de correr onda ela? Cando á fin alcances a súa velocidade, consegue que sexa ela quen diminúa o paso. Faino tomándoa tenramente da man e non a soltes nunca.

CÁNCER: O cangrexo (22 xuño, 23 xullo)



Personalidades famosas cáncer: Enrique VIII, Julio César, Nelson, Rockefeller, Stephen Foster, Richard Rogers ...

Home cáncer: Non agardes que ese mozo ensine a súa alma o primeiro día que o coñezas. Chegar a coñecelo precisa moito tempo e paciencia. Tan pronto pode ser un augafestas e, ó momento, tan divertido

coma un orangután con hipo. ¡Ollo!, se é un cáncer auténtico non tolerará pola roupa deportiva, pois prefere a roupa clásica. O seu pasatempo favorito é a fotografía. Non esquezas: nin se che ocorra tirarlle a colección de selos ou os boletíns da escola primaria. ¡Boa viaxe!

Muller cáncer: As tres regras básicas son: non a critiques, non a ridiculices e sobre todo non a rechaces. Ten medo a non ser suficientemente perfecta e bonita. Xogar co seu corazón é a máis grande inxustiza porque: amarate, obedecerate e terache unha devoción sincera. Un “chef” francés semellará o cociñeiro da mili ó seu lado, ¡adora cociñar biscoitos! Preguntaraste ¿é unha doncela ou unha rapaza encantadora chiflada? ¿Ti que cres?

UN MUNDO MATEMÁTICO

A meirande parte da xente ve as matemáticas como un sinónimo de *aburrimiento*, números e contas.

Se nos paramos a observar as matemáticas dende un punto de vista máis alá dun simple número ou contas, percatámonos de que na vida cotiá estamos mergullados por completo nas matemáticas; simplemente abonda con xogar un pouco coa nosa imaxinación. Sen ir máis lonxe, pola mañá almorzamos con *circunferencias* (galletas), bebémo-lo leite cun *cilindro* (vaso), remexemos o café cun corpo *cóncavo* e *convexo* ó mesmo tempo (culler), cando saímos a toda présa da casa e cruzamos dun lado ó outro da beirarúa pola zona de liñas *paralelas* (paso de peóns) ...

Por iso, esta forma de concebir o mundo vai adicada a ti, que tiñas o concepto das matemáticas como algo inútil, difícil e aburrido; cando en realidade é suficiente con que a túa imaxinación quera facer unha viaxe a través deste apaixonante mundo.

Daniel Fernández Arnáiz. 1º LOXSE C

FALANDO DE DEPORTES


No curso 99-00, resaltamos a asistencia do numeroso público que presenciou os diferentes torneos dos deportes aquí disputados, e esperamos que neste novo ano escolar o interese polos deportes non mingüe; sería un gran apoio para os nosos deportistas. A continuación, mostrámosvos os resultados finais do curso anterior:

- O deporte máis salientable dentro das actividades deportivas do pasado curso foi o *fútbol sala*; no que houbo tres categorías masculinas: "A" (1º e 2º ESO), "B" (3º e 4º ESO) e "C" (3º BUP e COU); e unha feminina. Nas finais, quedaron campións e subcampións respectivamente nas categorías: "A" **2º ESO A** e 1º ESO B; "B" **4º ESO C** e 3º ESO D; "C" **COU D** e 3º BUP D; e na feminina **3º ESO E** e 1º ESO A, que, a pesar de que eran as máis cativas, demostraron ser un bo equipo.



- Outro deporte que destacou foi o *baloncesto*. Neste deporte rexistráronse dous grupos: "A" e "B". Os equipos que quedaron en 1º e 2º lugar foron: "A" **3º ESO B** e 3º ESO A; "B" **COU D** e 3º BUP A. Destácase a ausencia do sexo feminino.


- Por outra parte, salientamos o *voleibol*, outra actividade deportiva interesante, á que vos animamos a practicar. Neste deporte resultou campión **COU D**, e subcampión 3º BUP C.



- En *bádminton*, tamén houbo dous grupos, masculino e feminino; en ambos cabe destacar o igualado nivel entre os finalistas. Na categoría masculina quedaron: **Santiago Fernández Carballo** (3º BUP A) en primeira posición, e **Javier Álvarez Feijoo** (3º BUP C) en segunda posición. Na feminina, foi **Aida Mª**

Regueiro Bolaño (3º BUP A) a campiona, e **Mª Cristina Novoa García** (3º BUP A) quen quedou en segundo lugar.

- No referente a *ping-pong*, os gañadores foron **Manoel Díaz Canitrot** e **Ekaitz Telletxea Babarro**, ambos de 2º ESO C. Os segundos finalistas foron Susana Doval González (esta foi a única participante feminina) e Adrián Gallego Cid, de COU E.



- O último dos deportes foi o xadrez, no que o gañador foi **José Doval González** de 3º BUP C, e como subcampión quedou Juan Lopéz Gómez, tamén de 3º BUP C.

Os nosos parabéns a todos os campións e subcampións do curso 1999-2000, e animar ós que non tiveron a sorte de gañar, a que o sigan intentando. Este curso volve a haber as mesmas competicións: fútbol sala, baloncesto, voleibol, bádminton, ping-pong, xadrez, e aerobio. Dádelle forte.

Laura Salgado e Beatriz Sánchez, 2º ESO C.

LIBROS

Título: Noche de viernes


Autor: Jordi Sierra i Fabra

Editorial: Alfaguara **Grupo:** Santillana

Primeira edición: Outubro 1993

É noite de venres. Un grupo de cinco mozos reúnese para saír. Non se levan moi ben, pero saen xuntos porque pensan que o venres é sacro e é un día que ten que ser adicado ós amigos. Son persoas moi distintas, e cada un ten os seus propios problemas. *Mariano* é o típico neno fillo de papá, vive nun gran chalet e os seus pais están divorciados. *Ismael* é un pacifista, que de súpeto vese abandonado pola súa moza porque el é obrigado a ir á mili. *Lázaro* é o típico *guaperas* que ten que traballar nun taller de motos para sacar pelás e axudar na súa casa. *Serafín* é un as da guitarra, pero demasiado tímido para demostralo ou para ligar. *José Luis* ten un pai borracho, que sempre é defendido pola súa nai.

Todo isto constitúe unha mestura xa de por si bastante explosiva, e, se ademais, engadimos unha noite de venres, o alcol e a búsqueda desesperada de drogas (tendo en conta que eses días houbera unha redada por toda Barcelona)..., acabará tendo consecuencias insospeitables.



Título: Las Vírgenes del Paraíso

Autora: Barbara Wood


Editorial: Mondadori **Colección:** Mitos de bolsillo

Primeira edición: New York, 1993

Pasaran xa moitos anos; Jasmine regresa ó seu fogar na rúa As Virxes do Paraíso en O Cairo (Exipto). De repente, comeza a recordar a súa vida e toda a historia pasada nesa casa incluso dende antes de que ela nacesse. Fala da súa nai, unha muller cristiá que chega alí coa idea dun mundo diferente para casar co seu pai, sen importarlle nada máis. Fálanos do trato que se lle da á muller na cultura árabe, que moitas veces non é tan despectiva coma nós cremos, aínda que a xente de maior idade ve con temor o avance dos elementos da cultura occidental.

